



D. José Miguel Caride Domínguez e D. Plácido Álvarez Dobaño, na sua condición de voceiros do Grupo Provincial de Democracia Ourense e do Grupo Popular, presentan ao amparo da lexislación vixente, a seguinte **MOCIÓN CONXUNTA relativa á concesión da Medalla de Ouro da Provincia ao lexicógrafo ourensán Isaac Alonzo Estraviz**, para ser incluída na orde do día do próximo pleno para o seu debate e, se procede, a súa posterior aprobación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Isaac Alonso Estraviz é un lexicógrafo galego nado en 1935 en Vilaseca, no concello ourensán de Trasmiras. Licenciouse en Filoloxía Románica en 1977 e doctorouse en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela en 1999. Foi profesor de Didáctica da Lingua e Literatura Galegas na Universidade de Vigo (Campus de Ourense).

É membro da Comisión Lingüística da "Associação Galega da Lingua" (partidaria do reintegracionismo), do consello de redacción da revista "Agália" e da Academia Galega da Lingua Portuguesa. Participou sempre moi activamente nas "Jornadas do Ensino de Galiza e Portugal" da ASPGP, nos actos das Irmandades da Fala de Galiza e Portugal, e na Asociación da Amizade Galiza-Portugal (AAGP).

Publicou innumerables traballos filolóxicos e culturais en revistas como "O Ensino", "Nós", "Cadernos do Povo", "Agália". Libros de contos como "Contos da revira-volta", na coñecida colección "O Moucho" da Editorial Castrelos de Vigo, ou o conto "Un novo mencer" que foi premiado no 1970 no concurso de contos infantís "O Facho".

Unha das súas obras fundamentais é "Estudos Filolóxicos Galegoportugueses" publicado por Alhena en 1987. Ademais, traduciu ao galego importantes textos litúrxicos dende o latín, entre eles dos papas Xoán XXIII ou Pablo VI, e obras de

Grupo Provincial Democracia Ourense
Progreso 32 - 2º
32003, Ourense

email: democraciaourensana@ourense.gal
facebook.com/democraciaourensana
N.I.F. V32464216

Grupo Provincial Popular

T. 988 317 976 - www.gppourense.com - N.I.F.: V 32237471 - administracion@gppourense.gal



diversos autores. Escribiu tamén importantes ensaios sobre o futuro das linguas minoritarias na Europa comunitaria.

En 1986 formou parte da delegación galega que participou coa categoría de observadora no "Encontro sobre a Unificación Ortográfica da Lingua Portuguesa" promovida pola Academia de Letras do Brasil, en Rio de Xaneiro.

Como lexicógrafo é autor de varias obras sobre léxico galego, merecendo especial consideración o Dicionario da Lingua Galega (Ed. Sotelo Blanco, 1995), escrito orixinariamente na normativa coñecida como "Reintegracionismo de Mínimos", e que foi adaptada posteriormente ao "Reintegracionismo de Máximos", normativa máis próxima á ortografía das áreas lusófonas. Este dicionario é unha magna obra da lexicografía galega.

Atópase dispoñible na Internet para a súa consulta libre có nome de e-Estraviz e consta de máis de 130.000 entradas. É consultado a diario por milleiros de persoas, especialmente por filólogos das máis prestixiosas universidades.

A defensa da lingua galega e o ánimo pola súa promoción por parte de Isaac Estraviz ven de lonxe. Despois de doce anos como frade cisterciense no mosteiro de Oseira, de 1947 a 1960, e onde se ordenou como cura no 1959, tivo que marchar de alí, vivindo en diferentes lugares, algúns do estranxeiro, para posteriormente abandonar a orde pola súa defensa do galego.

Mesmo debía confesar como "pecado" o feito de falar nesa lingua. Naquela altura (anos 40-50) estaba totalmente prohibido falar galego nos centros relixiosos. Durante a súa estancia en Madrid participou moi activamente no asociacionismo cultural galego, sendo impulsor da asociación cultural "Lóstrego" e colaborando na "Irmandade Galega", facéndose moi amigo de Ben-Cho-Sey e tratando e intercambiando coñecementos con grandes filólogos como Dámaso Alonso ou Lázaro Carreter, entre outros.

*Grupo Provincial Democracia Ourense
Progreso 32 - 2º
32003, Ourense*

*email: democraciaourensana@ourense.gal
[facebook.com/democraciaourensana](https://www.facebook.com/democraciaourensana)
N.I.F. V32464216*

Grupo Provincial Popular

T. 988 317 976 - www.gppourense.com - N.I.F.: V 32237471 - administracion@gppourense.gal



O seu traballo a prol da lingua e da cultura galegas nunca foi suficientemente recoñecido polas institucións públicas, a pesares da enorme importancia dos seus escritos e estudos, recoñecidos por expertos de todo o mundo. Nel cúmprese especialmente o vello dito de que ninguén é profeta na súa propia terra.

Só algunhas asociacións como "Arraianos", que lle concedeu o Premio Arraiano Maior no 2015, ou diversas asociacións culturais galegas, portuguesas e brasileiras lle teñen dado recoñecementos honoríficos.

Pero non dende as institucións públicas, o que entendemos como un grande erro. Dende Democracia Ourensana e o Partido Popular de Ourense queremos contribuír a que remate o que consideramos un esquecemento inxustificado deste grande sabio ourensán e dos seus traballos, propoñendo que a Deputación de Ourense lle conceda a Medalla de Ouro da Provincia.

É por todo o relatado na exposición de motivos, así como por outros méritos relacionados coa defensa do galego e da cultura galega que serían longos de detallar, polo que dende Democracia Ourensana traemos a seguinte

PROPOSTA

1. Que a Deputación de Ourense lle conceda a Medalla de Ouro da Provincia ao lexicógrafo ourensán Isaac Alonzo Estraviz, nado en 1935 en Vilaseca, Trasmiras.

Ourense, 11 de outubro de 2019

Grupo Provincial Democracia Ourensana
Progreso 32 - 2º
32003, Ourense

email: democraciaourensana@ourense.gal
facebook.com/democraciaourensana
N.I.F. V32464216

Grupo Provincial Popular

T. 988 317 976 - www.gppourense.com - N.I.F.: V 32237471 - administracion@gppourense.gal



D. José Miguel Caride Domínguez.

D. Plácido Álvarez Dobaño.

A/A. SR. PRESIDENTE DA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE